



O escalímetro do aforro

guía do profesor



Actividade do escalímetro do aforro

Actividade en liña para o ciclo superior de primaria

En que consiste o xogo:

O obxectivo do xogo é traballar o aforro enerxético mediante un xogo de mesa no que os participantes deben responder preguntas e realizar accións para ver a súa capacidade de aforrar enerxía. O taboleiro de xogo é unha escaleira e, a medida que van respondendo ben as preguntas, van subindo no seu nivel de aforro.

O xogo consta de:

- **Tarxetas de preguntas.**
- **Tarxetas de acción.**
- **Taboleiro de xogo.**

Metodoloxía do xogo:

Realízanse tantos grupos como se requiran para poder xogar. Aconsellamos realizar grupos con poucos alumnos para que así todos participen no xogo.

Todos os grupos xogan ao tempo, é dicir, todos realizan as mesmas accións e responden as mesmas preguntas ao mesmo tempo.

O profesor é o guía do xogo, de xeito que todas as preguntas e todas as accións pasan polas súas mans.

Cada grupo ten o seu taboleiro e cores para ir pintando os chanzos que vaian subindo. Recomendamos que dispoñan de folios ou caderno para poder resolver as preguntas ou as accións que vaian xurdindo no xogo. Lembramos que soben os chanzos do escalímetro a medida que responden correctamente as preguntas.

O profesor ten o feixe de tarxetas no que están mesturadas as tarxetas de preguntas e as tarxetas de acción. Só as pode ler o profesor.

Comeza o xogo!

O profesor erguerá a primeira tarxeta e lerá a pregunta ou a acción que se debe realizar. Os grupos participantes responderán a pregunta no caderno ou papel ou ben realizarán a acción pertinente. O profesor mirará as respostas de cada grupo e diralles se poden avanzar no escalímetro ou se deben quedar onde están.

A dinámica é sinxela. O profesor le cada pregunta ou acción e os grupos responden no caderno. O profesor mira a resposta de cada grupo e soben chanzos ou quedan onde están. Ao subir os chanzos deben ir pintando coas cores correspondentes o seu taboleiro.


Cando a **pregunta teña tres ou más opcións** de resposta, o grupo subirá **un chanzo**.

Cando a **pregunta sexa unha tarxeta de acción ou teña dúas opcións** de resposta, o grupo subirá **medio chanzo**.

O xogo ten **dous posibles finais**:

- **Un dos grupos chega ao punto máis alto do escalímetro.**
- **Acaban as tarxetas do feixe.**

O escalímetro do aforro



Tarxetas de acción

Etiqueta enerxética

Tedes un aparello que deixou de funcionar e tense que cambiar. Trátase da neveira. Mostrámosvos as seguintes etiquetas enerxéticas e tedes que decidir que aparello é o máis eficiente.

Resposta

A primeira



endesa
Educar



Apagón

É de noite, estades no voso cuarto lendo e, de súpeto, marcha a luz. Que facedes?

Resposta

Ir buscar os vosos pais e axudalos coa lanterna para que poidan subir o interruptor ICP do panel de control.



endesa
Educa

Iluminación

A lámpada do noso cuarto fundiuse e ao ir tocala para trocala queimámonos. Ai! Que tipo de lámpada imos colocar para que non nos volvamos queimar ao trocala?

Resposta

Usaremos unha LED. É a que menos electricidade perde en forma de calor.




endesa
Educa

Consumo

Tedes moitos aparellos na casa que consomen electricidade, mais, dependendo de se é verán ou inverno, ese consumo é distinto. En que época do ano credes que se consome máis enerxía? Que aparellos son os responsables?

Resposta

No verán, polos aparellos de climatización.



endesa
Educa

Consumo fantasma

Na casa temos aparellos eléctricos que consomen enerxía, aínda que non os usemos. Por exemplo, a televisión, o ordenador, a consola... Sabedes por que estes aparellos consomen, aínda que non os usemos?

Resposta

A causa do stand-by. Un sistema que os deixa «durmidos», mais non os apaga de todo. Para evitalo, debemos apagalos fisicamente, non co mando.



endesa
Educa



Consumo de auga

Sabedes que a auga é necesaria para todas as formas de vida e que en moitas zonas do mundo escasea. Que podemos facer na casa para evitar o consumo excesivo de auga?

Resposta

Pechar as billas cando non precisamos auga, ducharnos en lugar de bañarnos, pór controladores de auga nas cisternas dos lavabos, usar reguladores de presión nas billas...



endesa
Educa

Contaminación atmosférica

Hoxe en día hai moitas cidades que limitaron a presenza de coches nalgúns puntos da cidade. Que transportes podemos usar para movernos pola cidade sen danar o medio ambiente?

Resposta

Transporte público (tranvía, metro, tren, bus eléctrico) ou privado con coches con distintivo ambiental 0 ou Azul C (con todas as prazas ocupadas).



endesa
Educa

Reciclaxe

A nosa lanterna quedou sen pilas. Que podemos facer para seguir usando pilas, mais sen xerar residuos sempre que se esgotan?

Resposta

Podemos usar pilas recargables. Deste xeito, recargamos as pilas e non xeramos residuos. Tamén podemos cambiar de lanterna e pasar ás lanternas de dínamo que se cargan co movemento.



endesa
Educa



Tarxetas de preguntas

Cales son as mellores cores para pintar os cuartos?:

- A – As cores escuras.
- B – As cores claras.
- C – As cores que a min me gusten.

Resposta

B – As cores claras, porque o espazo ten máis luminosidade e non se precisa tanta luz artificial.

endesa
Educa

As lámpadas teñen que limpase periodicamente para garantir o bo funcionamento e mellorar o rendemento:

- A – Certo.
- B – Falso.

Resposta

A – Certo.

endesa
Educa

Os tubos fluorescentes convencionais utilízanse en sitios onde a luz está moito tempo acendida, por que?:

- A – Porque gastan pouco.
- B – Porque gastan moito.
- C – Porque iluminan máis

Resposta

A – Porque gastan pouco.

endesa
Educa

As tapas das potas ou cazolas teñen que ser:

- A – Grosas.
- B – Finas.
- C – De calquera xeito.

Resposta

A – Grosas, porque conservana calor e aforran enerxía.

endesa
Educa



Que podemos facer para evitar perdas de calor no inverno?:

- A – Abrir portas e xanelas.
- B – Aumentar a temperatura da calefacción.
- C – Pechar portas e xanelas.

Resposta

C – Pechar portas e xanelas.

endesa
Educa

Cando se funde unha lámpada, que temos que facer con ela?:

- A – Tírala ao lixo.
- B – Tírala ao contedor amarelo.
- C – Levala a un punto verde.

Resposta

C – Levala a un punto verde.

endesa
Educa

Utilizar lámpadas de baixo consumo contribúe ao aforro enerxético?:

- A – Si.
- B – Non.

Resposta

A – Si

endesa
Educa

Cal das seguintes accións serve para aforrar enerxía?:

- A – Pór o lavalouza a media carga.
- B – Ter as xanelas abertas cando a calefacción está acendida.
- C – Manter a porta do forno pechada cando está en funcionamento

Resposta

C – Manter a porta do forno pechada cando está en funcionamento

endesa
Educa



A neveira ten que pechar ben (hermeticamente) para que...:

- A – Escape o frío
- B – Non escape o frío.
- C – Non escapen os olores.

Resposta

B – Non escape o frío.

endesa
Educa

Credes que acender e apagar moitas veces os fluorescentes pode influír na súa duración?:

- A – Si
- B – Non

Resposta

A – Si, por iso se colocan en sitios de uso continuado.

endesa
Educa

Que electrodoméstico funciona durante todo o día?:

- A – A televisión.
- B – A neveira.
- C – O forno.

Resposta

B – A neveira.

endesa
Educa

A secadora de roupa é un aparello que...:

- A – Gasta moita enerxía.
- B – Gasta pouca enerxía.
- C – Gasta moita enerxía, mais é imprescindible.

Resposta

A – Gasta moita enerxía. Se podemos, é preferible tender a roupa ao sol.

endesa
Educa



Para que serve o termóstato da calefacción?:

- A – Para manter unha temperatura constante.
- B – Para aumentar a temperatura.
- C – Para acender a calefacción.

Resposta

A – Para manter unha temperatura constante.



Cando acabamos de cocinar uns macarróns e queremos gardalos na neveira ata a hora de comer...:

- A – Poñémolos directamente na neveira.
- B – Mellor no conxelador porque arrefrían máis rápido.
- C – Deixámolos fóra da neveira un anaco.

Resposta

C – Deixámolos fóra da neveira un anaco antes de poñelos dentro.



Para aforrar enerxía e auga, que é preferible?:

- A – Bañarse.
- B – Ducharse.
- C – Nin ducharse ni bañarse.

Resposta

B – Ducharse.



Se estamos na casa con manga curta e temos frío, credes que é preferible aumentar a temperatura da calefacción ou pór un xersei?:

- A – Aumentar a calefacción.
- B – Pór un xersei.

Resposta

B – Pór un xersei.



Onde é máis necesario ter secadora da roupa?:

- A – En Barcelona, aínda que faga sol moitos días por ano.
- B – En Londres, onde chove con moita frecuencia.
- C – En Sevilla, onde chove moi pouco e vai moita calor.

Resposta

B – En Londres, onde chove con moita frecuencia.

endesa
Educa

A calefacción supón un consumo enerxético moi grande nas casas. Por iso é importante...:

- A – Regular ben a temperatura da casa.
- B – Non revisar a factura que nos chega.
- C – Regular ben a temperatura da calefacción.

Resposta

C – Regular ben a temperatura da calefacción e non poñela moi alta.

endesa
Educa

Cales serán os mellores mandos para as consolas?:

- A – Os que van con pilas.
- B – Os que van con baterías.

Resposta

B – Os que van con baterías porque xeran menos residuos.

endesa
Educa

Que consome máis enerxía nunha casa/fogar?:

- A – Iluminación.
- B – Agua quente.
- C – Cociña.
- D – Calefacción.

Resposta

D – Calefacción.

endesa
Educa



As cazolas/olas deben ter a mesma medida que os fogóns da cociña?:

- A – Sí.
- B – Non.
- C – Non o sei.

Resposta

A – Si, porque se o fogón é maior, sobresa e perdemos enerxía.

endesa
Educa

Se no inverno vas en manga curta pola casa coa calefacción acendida, quere dicir que..:

- A – A temperatura da calefacción é moi baixa.
- B – A temperatura da calefacción é moi alta.
- C – A temperatura da calefacción é perfecta.

Resposta

B – A temperatura da calefacción é moi alta.

endesa
Educa

Se temos que pór a lavadora, é preferible agardar a ter moita roupa que usar o programa de media carga?:

- A – Sí.
- B – Non.
- C – É igual.

Resposta

A – Si, porque aforramos auga e enerxía.

endesa
Educa

Cando utilizamos pilas, é preferible utilizar as recargables?:

- A – Si, porque duran máis que as outras.
- B – Si, porque reducimos a xeración de residuos
- C – Non, son mellores as dun só uso.

Resposta

B – Si, porque reducimos a xeración de residuos

endesa
Educa



A función dun quentador eléctrico é...:

- A – Quentar a auga.
- B – Enfriar a auga.
- C – Limpar a auga.

Resposta

A – Quentar a auga.

endesa
Educa

Como nos indica a etiqueta enerxética a eficiencia dos aparellos?:

- A – Con figuras.
- B – Con cores.
- C – Con letras e cores.

Resposta

C – Con letras e cores.

endesa
Educa

Estás a preparar unha pizza no forno para cear. Cando apagas o forno?:

- A – Uns minutos antes de que a pizza estea feita.
- B – Xusto no momento en que a pizza está feita.
- C – Despois de sacar a pizza do forno.

Resposta

A – Uns minutos antes de que a pizza estea feita.

endesa
Educa

Que consome menos enerxía?:

- A – Pasar o ferro unha peza de roupa cada día.
- B – Pasar o ferro con pedras pesadas e quentes
- C – Agardar a ter máis pezas de roupa e pasalas a ferro o mesmo día.

Resposta

C – Agardar a ter máis pezas de roupa e pasalas a ferro o mesmo día.

endesa
Educa



Deben terse pechadas as portas e as xanelas cando a calefacción está acendida?:

- A – Non, porque así a calefacción consome menos.
- B – Si, para evitar a perda de calor.
- C – Non, porque senón diminúe o rendemento.

Resposta

B – Si, para evitar a perda de calor.



Deixar entrar o sol moito tempo no inverno permite:

- A – Aforrar enerxía en calefacción.
- B – Aforrar enerxía en iluminación.
- C – As dúas accións ao tempo.

Resposta

C – As dúas accións ao tempo.



Que é mellor para o aforro enerxético: tapar ou destapar as cazolas mentres cociñamos?:

- A – Tapalas.
- B – Destapalas
- C – Depende do que esteamos a cociñar.

Resposta

A – Tapalas. Mantemos a calor e aforramos ata un 30 % de enerxía.



Que parte dun ordenador é a que consome máis?:

- A – O teclado.
- B – O rato.
- C – O monitor.

Resposta

C – O monitor, por iso hai que apagalo ou deixalo en suspensión/modo de aforro de enerxía cando non o esteamos a utilizar.



Como temos que utilizar o lavalouza?:

- A – Medio cheo.
- B – Moi cheo.
- C – É igual.

Resposta

B – Moi cheo, para aproveitar ao máximo a auga e a enerxía que consome.

endesa
Educa

Que consome máis enerxía?:

- A – Un batedor.
- B – Un ordenador.
- C – Un secador de mans.

Resposta

C – Un secador de mans, porque o proceso de quentar o aire precisa moita enerxía.

endesa
Educa

